

P R O G R A M A

Banda de Música de Chantada

ATLÉTICO (pasodoble) ----- Llano

LA STORIA ----- Jacob de Haan

MARCHA ESLAVA ----- Tchaikovsky

Jesús Nogueira Franco

Director

Banda Municipal de Música de Valga

GIBRALTAR MARCH ----- Patrick Wilson

RÍO HUDSON ----- La Dama de Harbor

Terras Altas
Nacemento ----- John O'Reilly

SUPER INVENCIBLES
(superman, batman, james bond, power rangers) ----- Mike Story

JAVIER (pasodoble) ----- Pérez Seara

XURÉS (muñeira) ----- Felisindo

Manuel Villar Touceda

Director

Agrupación Musical de Belesar

GLORIA AL PUEBLO (pasodoble) ----- Artola

MOMENT FOR MORRICONE ----- E. Morricone

ISLAND ----- Robert W. Smith

VOLVORETA ----- F. Pérez Seara

Javier Domínguez Millán

Director

Banda Sinfónica Municipal de Música de Ribadeo

ROYAL PROCESSIONAL ----- John Morrissey

LA MÁSCARA DEL ZORRO ----- J. Horner/arr. J. Moss

NEW YORK OVERTURE ----- Kees Vlak

SING SING SING ----- Louis Prima/arr. D. Ravenal

José Luis Alvarez

Director

PROGRAMACIÓN CULTURAL CONCELLO DE RIBADEO 2002

VIII Festival de Bandas de Música

Banda de Música
de Chantada (Lugo)

Banda de Música
de Valga (Pontevedra)

Banda Sinfónica
Municipal de Ribadeo (Lugo)
Banda Musical
de Belesar (Baiona)

Praza de Abaixo
20:00 h.



ASOCIACIÓN
AMADORES DA MÚSICA

agosto 2002
18

PROGRAMA FESTIVAL BANDAS RIBADEO

A **Banda de Música de Chantada** foi creada no ano 1865 polos irmáns Manuel e Antonio Fernández "Os Ferraias", coa cal animaban as festas dos lugares cercanos. Durante a época dos anos 30 a 70 do 1900, pasou por unha serie de altibaixos ata chegar a finais da década dos 70, cando Faustino Fernández se interesa pola Banda e encarga a Jesús Vázquez Lorenzo a labor de reconstruila. O longo desta etapa final, a banda realiza numerosas actuacións por toda a xeografía galega, León, Zamora, Asturias, Barcelona, etc.,. No ano 96 a Asociación de Prensa Escrita de Lugo concédeelle o Premio Lucense do Ano, con motivo do 125 aniversario, gravando o ano seguinte un CD en Madrid.

D. Jesús Nogueira Franco nace en Vilanova de Arousa (1973). Comeza a estudiar trompeta á idade de 7 anos, rematando a titulación de profesor do mesmo instrumento no Conservatorio Superior de Vigo. Realiza numerosos concertos con distintas agrupacións orquestrais e bandísticas, participando a súa vez en gravacións. Foi alumno de mestres directores como Marcel Van Bree, Henry Adams e Francisco Grau. Jesús Nogueira dirixiu a Banda Cultural de Vilanova de Arousa, Vilagarcía de Arousa, Banda Escola de Ortigueira, Municipal de Noia, Silleda, Castrelo e Antas de Ulla. Na actualidade é director da Banda e Escola Municipal de Música e danza de Chantada.

A **Banda Municipal de Música de Valga** (Pontevedra) asenta as súas raíces na Escola Municipal de Música creada en setembro do 1995, con 50 alumnos e 2 profesores. Curso a curso, a medida que a Escola crece, comezan a asentarse as bases da futura banda de música, a cal fai a súa presentación o 17 de Maio de 1999 con gran éxito de crítica, participando a partir desta data en distintos concertos, festivais e campamentos musicais de verán de distintas vilas de Galicia. Parte dos músicos da banda participaron na creación da Big Band AGEMM nos anos 2000 e 2002, representando a Galicia no VI e VII Festival de Xoves Músicos Europeos organizados pola EMU.

D. Manuel Villar Touceda nace en Valga (1969), pasando a formar parte da banda de música de Padrón con 15 anos. Titulado Superior en trompeta, completa a súa formación académica con mestres como Justino Pérez, J. Vicente Simeó, José Ortí, etc, e no plano da dirección de banda recibe clases dos mestres Adám Ferrero e Henri Adams. Traballa e colabora coa Banda de Vilagarcía, JONDE, Orquestra Sinfónica de Galicia, Orquestra e coro da RTVE, etc, e na actualidade compaxina a dirección da banda de música de Valga coa ensinanza de trompeta na Escola Municipal de Caldas de Reis, profesor de música en Secundaria e a presidencia da Sociedade Cultural Banda de Música de Padrón.

A **Agrupación Musical de Belesar** (Baiona) fai a súa presentación o 20 de xuño de 1998, gracias ó traballo, continuidade dun grupo de xóvenes, tesón e paciencia de profesores e a adicación desinteresada da Xunta Directiva, pais, nais e socios colaboradores. Conta na actualidade cun total de 65 músicos e outros 35 alumnos matriculados na Escola de Música da propia banda. Dende o seu comezo, as súas actuacións fóreronse extendendo pola xeografía galega e portuguesa, viaxando tamén ata a veciña Asturias (Pola de Siero).

D. Javier Domínguez Millán nace en Belesar-Baiona (1975), realizando estudos musicais no Conservatorio de Gondomar e no Superior de Vigo, realizando o derradeiro curso de Grao Superior de Clarinete. A parte de realizar cursos de perfeccionamento con distintos mestres, recibe clases de dirección de banda con homes da talla de Bernardo Adam Ferrero e Marcel Van Bree. Na actualidade forma parte do prantel de profesorado do Conservatorio de Música de Gondomar, compaxinando esta tarefa coa dirección de distintas agrupacións musicais, tanto banda de música como conxunto coral.

A **Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo**, promovida pola Asociación Amadores da Música en convenio permanente co Excmo. Concello de Ribadeo, fixo a súa presentación pública, o 25 de xaneiro do 1992. Na súa curta traxectoria, ten actuado nas principais cidades e vilas de Galicia, así como en distintas localidades fora da Comunidade galega. Anualmente unha programación estable de concertos en Ribadeo na que se inclúen programas monográficos (música de cine, relixiosa, etc,) e outros, como o concerto de Nadal "Aquí como en Viena" forman parte dos eventos culturais tradicionais de Ribadeo. Igualmente o Festival de Bandas que organiza no mes de Agosto, e que este ano alcanza a súa oitava edición, é xa un importante referente cultural.

José Luis Alvarez, natural de Vegadeo (Asturias), titulado Superior de Saxofón e Medio de Acordeón. Ós 25 anos de idade é nomeado director da Escola Municipal de Música de Vegadeo, cargo que ocupará ata xuño de 2001, ano no cal obtén a praza de Director da Escola Municipal de Música e Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo. Aluno do mestre director Marcel Van Bree, en xullo de 2001 forma a Big Band Ribadeo e en Outubro do mesmo ano é nomeado Director da Big Band da AGEMM que representou a Galicia no Festival Europeo de Xóvenes Músicos, cita que tivo lugar en Suiza, mes de Maio do presente ano. Na actualidade ocupa o cargo de vicepresidente da propia asociación.